

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA. Ao non producirse intervencións sobre a ratificación da urxencia da convocatoria, a **Sra. Presidenta** someteu a **votación a ratificación da urxencia da convocatoria, sendo aprobada por unanimidade.**

2º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN, POLO PROCEDIMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA, DOS TERREOS PERTENCENTES A PARTICULARES, INCLUÍDOS NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS DA ZONA E69B DO PXOM DE SANXENXO, EN O REVEL-VILALONGA. O **Sr. Secretario** dá lectura á parte dispositiva da **proposición da alcaldía do 06 de febreiro de 2015** e a **Sra. Presidenta**, ao non estar ditaminada en comisión informativa, **someteu a votación a ratificación da inclusión deste asunto na orde do día, sendo aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, solicitou que se volvесе repetir a lectura da proposición, posto que o público presente non se decatou de nada.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, invocou unha cuestión de orde para sinalar que o anterior interveniente non está lexitimado para debater co público e dicir que cando o **Sr. Secretario** dá lectura ás propostas, o fai para que o entendan os corporativos, o que se realizou neste punto en termos educados, engadindo que a intervención do **Sr. Gonzalo Pita** lle pareceu unha falta de respecto.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que non se ía volver ler a proposición.

O **Sr. Gonzalo Pita** aludiu a que non faltou ao respecto a ninguén, tan só cría que o público non se decatou do texto da proposición, solicitando unha nova lectura desta. En cando ao fondo do asunto o interveniente sinalou que xa levaban dez anos co colexio de Vilalonga e, despois de erros e enganosa, séguese sen o equipamento educativo e sen que a consellería poña o diñeiro para executalo. O concelleiro en uso da palabra criticou as formas de levar o tema, coa convocatoria urxente e a celebración do pleno pola mañá, cando puido facerse pola tarde, o que ocasionou que as súas dúas compañeiras tivesen que romper a xornada laboral. Sobre os prezos dixo que no seu día figuraba no expediente unha taxación de 30 euros e agora deu lectura a unhas cantidades sensiblemente inferiores, cando o conxunto dos veciños afectados non puxeron obstáculos para chegar a acordos e agora non se lles pode insultar con valoracións tan baixas, que á parte os obrigan a entrar en gastos para achegar as correspondentes taxacións, preguntando se o goberno municipal ten a seguridade de que a consellería vai poñer cartos para facer o colexio, cando pode que esixan primeiro a urbanización, que custa moito mais diñeiro, afirmando por último que, independentemente do anterior, eles non van ser impedimento para que se constrúa o citado colexio.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, sinalou que agora todas as présas veñen xuntas, con dous plenos extraordinarios para este asunto e neste momento xa se trata da valoración das parcelas, o que debía ser tratado con mais calma, non entendendo que un tema deste calibre se poida traer a lixeira a un pleno extraordinario urxente, cando son coñecedores de que nos presupostos da Xunta non hai un euro para este colexio e tendo en conta que dentro de tres meses haberá unha nova corporación que terá as súas prioridades, polo que pretenden tomar acordos que non se saben para que serven, obrigando aos veciños a meterse en gastos, sen ter o

compromiso da Xunta para que o colexio sexa unha realidade inmediata.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, recordou que a urxencia do anterior pleno extraordinario, relativo a este asunto, a xustificaron en que había un compromiso para o día 28 e agora xa están no día 9 de febreiro, polo que a urxencia non era tanta no seu momento, non obstante, para esta sesión, polo menos dispuxeron de tempo para ver a documentación, non como no citado pleno. O interveniente aludiu a que o colexio é urxente para o BNG, pero para o goberno municipal o urxente son as eleccións do 24 de maio. O concelleiro en uso da palabra recordou os prezos anteriores neste expediente, que agora son moito menores, 7.31 m² de media valoración, o que case seguro provocará alegacións dos propietarios, que esperan avaliar no seu día e non a través dun pleno urxente.

A **Sra. Aguín Pombo** manifestou que se ían abster, porque non tiveron tempo para estudar o expediente, aínda que os prezos non lle parecían xustos e equitativos.

O **Sr. Rodriguez Lorenzo** sinalou que levaban dez anos con este tema e que non lle parecía necesaria a urxencia, aínda que votou a favor porque, coa perspectiva do que pode chegar a esta corporación, era mellor tratar este asunto para que non volva tardar outros dez anos, reiterando que considera as urxencias indebidas e que a proposición debeu ir a comisión.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, precisou respecto do afirmado polo voceiro do BNG, que a urxencia no pleno anterior era para evitar a caducidade do procedemento que se tratou alí e a urxencia actual permite que a continuación do pleno se poida comezar a notificar aos interesados sen perder un día. A interveniente tamén aludiu a que houbo valores estimativos realizados por un técnico municipal, pero ao non poder chegar a un acordo con todos os propietarios e dado que non se poden facer expropiacións parciais é polo que houbo que ir a expropiación do polígono completo, indicando que as valoracións actuais favorecen menos aos propietarios porque están axustadas á lexislación actual, que é do ano 2011, utilizando o criterio de renda real, por entender que era mais favorable para os veciños que o de renda potencial. No que respecto ao sinalado polo **Sr. Gonzalo Pita** sobre a urbanización, destacou que pode ser realizada ao mesmo tempo que a obra, non crendo que a Xunta vaia esixir o sinalado polo anterior interviniente. A concelleira en uso da palabra explicou que agora se abre o prazo de alegacións durante un mes e, unha vez resoltas polo pleno, os veciños terán un prazo de 20 días para presentar as correspondentes follas de aprecio de parte ante o Xurado de Expropiación de Galicia, destacando que este goberno considera urxente este proxecto e o departamento de urbanismo está volcado na súa tramitación.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que esta sesión demostraba que había dúas formas de facer política, unha delas era a demagóxica, realizada pola oposición, posto que critican que non tiveron tempo de ver o expediente e, ao mesmo tempo, quéixanse de que se leve con este asunto dez anos, período no que podían coñecerlo perfectamente. A interveniente dixo que o proxecto de expropiación é un tramite que levou moito traballo, lamentando que se no seu día non se tivese chegado a un acordo para adquirir as parcelas necesarias para facer o colexio, co que neste momento non se tería que ir á expropiación do resto do polígono. En canto as valoracións indicou que non as facían os políticos, senón un técnico conforme as disposicións legais, aínda que tamén podían estar en desacordo cos prezos, lembrando que se intentaría trasladar a comunicación deste acordo aos propietarios dende esta mañá e precisando que tamén consideraban que este asunto tardaba moito tempo, pero o concello non tivo a culpa de que no seu día se esixira informe medioambiental e posteriormente lle

afectasen aos terreos o POL, pero agora é importante aprobar este acordo para poder optar a unha subvención dos fondos FEDER, acusando de populista a oposición polo manifestado sobre os prezos e finalizando para dicir que convocou esta sesión sen perder un segundo, unha vez que o venres, as trece horas, tivo o derradeiro informe de fiscalización favorable e recordou que os corporativos teñen un compromiso cos veciños e por iso están aquí.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposición a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: aprobar inicialmente o **“PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA DOS TERREOS PERTENCENTES A PARTICULARES, INCLUÍDOS NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS DA ZONA E69B DO PXOM DE SANXENXO, EN O REVEL-VILALONGA”** redactado por José Manuel Rey Rial e Rafael Vázquez Abal, con fecha 30 de xaneiro 2015 en base ás valoracións realizadas polo enxeñeiro agrónomo Jorge Domínguez Piñeiro.

SEGUNDO: expoñer ao público o referido proxecto mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia en nun dos periódicos dos de maior circulación da provincia, polo prazo de **un mes**, para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no que concerne a titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

TERCEIRO: notificar individualmente a todas aquelas persoas que aparezan como titulares de bens ou dereitos no expediente, mediante traslado literal das follas de aprecio e das propostas de fixación dos criterios de valoración, para que poidan formular alegacións no prazo de **un mes** a contar dende a data de notificación.”-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, a **Sra. Presidenta** dá por finalizada a sesión, sendo as dez horas e catorce minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**